



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Aprobación da oferta de emprego público do exercicio de 2025

ANUNCIO

EXP. 2025/E003/000001.

ASUNTO: Aprobación da Oferta de Emprego Público do exercicio 2025

Mediante resolución de Alcaldía nº 207/2025 do 14/02 procedeuse a aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio 2025 co seguinte contido:

LOGO DE VER que o Pleno da Corporación en sesión de 28 de novembro de 2024 procedeu a aprobar inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2024 e que non téndose presentado alegacións no prazo legalmente establecido se entendera aprobado definitivamente sendo publicado o anuncio de aprobación definitiva no BOP nº 6 do 10 de xaneiro de 2025.

LOGO DE VER que na Relación de Postos de Traballo do Concello de Oroso actualmente vixente figuran os seguintes postos que quedaron vacantes como consecuencia da excedencia por interese particular outorgada mediante resolución de Alcaldía nº 501/2024 do 05/04 á funcionaria de carreira que viña ocupando dito posto:

I. Código RPT: 03.00.03 ADMINISTRATIVO (adscrito ao departamento de urbanismo).

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 18 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

TENDO EN CONTA igualmente que conforme establece o artigo 37 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, establece que será obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as materias seguintes:

(...)

c) *As normas que fixen criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos.*

l) *Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público.*

LOGO DE VER que con data de 21/01/2025 a mesa de negociación sindical aprobou a proposta de oferta de emprego público realizada por esta Alcaldía.

LOGO DE VER que conforme informe emitido polo Interventor da Corporación con data de 13/02/2025 existe consignación no orzamento municipal para as prazas previstas na proposta de Oferta de Emprego Público para o ano 2025.

Logo de ver igualmente o informe favorable emitido polo Secretario do Concello con data de 14/02/2025.

TENDO EN CONTA as atribucións que lle confire a Alcaldía o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 23 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Resolvo:

PRIMEIRO. APROBAR a Oferta de Emprego Público ordinaria deste Concello para o ano 2025, que contén os seguintes postos de traballo:

PERSOAL FUNCIONARIO:

Código RPT	Grupo	Clasificación		Vacantes	Denominación	Forma de acceso	Quenda
03.00.03	C1	Escala da administración xeral	Subescala Administrativo	1	Administrativo	Oposición	Libre

SEGUNDO. PUBLICAR no Taboleiro de anuncios da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO. Darlle traslado deste acordo ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre así como á Subdelación do Goberno e a Xunta de Galicia en virtude do previsto no artigo 56.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

O que se publica para xeral coñecemento.

Oroso, 17 de febreiro de 2025

O Alcalde.

Alexander Doval Expósito

2025/1101